

# IES Plurilingüe Pintor Colmeiro

# Guía 2023/2024



Manuel Colmeiro. *Descanso*. 1935.



[www.iespintorcolmeiro.org](http://www.iespintorcolmeiro.org)



[ies.pintor.colmeiro@edu.xunta.gal](mailto:ies.pintor.colmeiro@edu.xunta.gal)



986 580 904





# CARGOS E RESPONSABILIDADES 23/24

## EQUIPO DIRECTIVO

Xesús Fernández Sulleiro (Director)  
Javier M<sup>a</sup> López Rodríguez (Vicedirector)  
Susana Calvo Peña (Xefa de Estudos)  
M<sup>a</sup> Laura López Peña (X.E. Adultos/as)  
Xosé Fuentes Rodríguez (Secretario)

## XEFATURAS DE DEPARTAMENTO

Marta E. Aguirre Fernández: Física e química  
Nadiuska Alemparte Vidal: Matemáticas  
Ramón Balado Fernández: C. naturais  
Xosé Barreiro Tato: Clásicas  
Tamara Camino Recouso: FOL  
Xosé M. Couso Folgueiras: Activ. fís. e dep.  
Gregorio Durán Sánchez: Economía  
Pablo Eiras Vázquez: Tecnoloxía  
Susana Faílde Porto: Inglés  
Xesús Fernández Sulleiro: Filosofía  
Marcial Fernández Vázquez: Francés  
Xoán Carlos García Porral: Relixión  
Bernardo Insua Sanmartín: Debuxo  
Celia Lamela Couto: Lingua castelá  
Natividad Diéguez Pardo: Lingua galega  
Javier María López Rodríguez: Música  
M<sup>a</sup> José Patiño Montero: Educación física  
M<sup>a</sup> Jesús Rodríguez Lastres: Orientación  
Daniel Torres Vilela: Xeog. e historia

## COORDINADORA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

Tamara Camino Recouso

## COORDINADOR DO EDL

Alexandre Pereira Pérez

## DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA

Norma Rodríguez González

## COORDINADORA PLURILINGÜISMO E PROXECTOS INTERNACIONAIS

M<sup>a</sup> Laura López Peña

## COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA

M<sup>a</sup> Jesús Rodríguez Lastres

## COORDINADOR ABALAR E FORMACIÓN DO PROFESORADO

Xoán Carlos García Porral

## DINAMIZACIÓN TIC

Pablo Eiras Vázquez

## COORDINACIÓN DO PLAN DIXITAL

Ángel Luis Pazos Presas

## CONSELLO ESCOLAR

Xesús Fernández Sulleiro (Presidente)  
Xosé Fuentes Rodríguez (Secretario)  
Susana Calvo Peña (Xefa de Estudos)  
M<sup>a</sup> Laura López Peña (X.E. Adultos/as)  
Ángela Troitiño Gil (Concello)  
Marta E. Aguirre Fernández (Docente)  
Dolores Camba Castro (Docente)  
Xosé Manuel Couso Folgueiras (Docente)  
Xoán Carlos García Porral (Docente)  
Pablo Eiras Vázquez (Docente)  
Javier M<sup>a</sup> López Rodríguez (Docente)  
Ángel Luis Pazos Presas (Docente)  
M<sup>a</sup> Teresa Casal Tato (Non docente)  
Salomé Fondevila Pérez (Nai)  
Raquel López Peña (Nai)  
Carme Álvarez Brey (Alumna)  
Iker de Jesús Orosa (Alumno)  
Brais Sánchez Salgueiro (Alumno)  
Alejandro N. Sangermán Martínez (Alumno)

## COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

Marta Elena Aguirre Fernández  
Nadiuska Alemparte Vidal  
Ramón Balado Fernández  
Xosé Barreiro Tato  
Susana Calvo Peña  
Tamara Camino Recouso  
Xosé Manuel Couso Folgueiras  
Natividad Diéguez Pardo  
Gregorio Durán Sánchez  
Pablo Eiras Vázquez  
Susana Faílde Porto  
Xesús Fernández Sulleiro  
Marcial Fernández Vázquez  
Xoán Carlos García Porral  
Bernardo Insua Sanmartín  
Celia Lamela Couto  
M<sup>a</sup> Laura López Peña  
Javier María López Rodríguez  
M<sup>a</sup> José Patiño Montero  
Alexandre Pereira Pérez  
Norma Rodríguez González  
M<sup>a</sup> Jesús Rodríguez Lastres  
Daniel Torres Vilela  
M<sup>a</sup> Cruz Viéitez Mato



# HORARIOS E ATENCIÓN DE TITORÍAS 23/24

<b>Apelidos e nome</b>	<b>Titoría</b>	<b>Horario de atención</b>
Aguirre Fernández, Marta Elena		Luns, 11.40-12.30
Alemparte Vidal, Nadiuska	3º ESO A	Luns, 10.50-11.40
Balado Fernández, Ramón		Venres, 11.40-12.30
Barreiro Tato, Xosé		Luns, 10.50-11.40
Caballero Tovar, Alba	1º BAC A	Venres, 10.50-11.40
Calvo Peña, Susana		Venres, 11.40-12.30
Camino Recouso, Tamara		Luns, 11.40-12.30
Camba Castro, María Dolores		Venres, 11.40-12.30
Couso Folgueiras, José Manuel		Martes, 12.50-13.40
Cuñarro Fernández, Pablo	2º CM	Xoves, 12.50-13.40
Diéguez Pardo, Natividad Jesús		Luns, 12.50-13.40
Durán Sánchez, Gregorio		Luns, 11.40-12.30
Eiras Vázquez, Pablo		Xoves, 12.50-13.40
Faílde Porto, Susana		Venres, 10.50-11.40
Fernández Calo, Carmen		Xoves, 9.40-10.30
Fernández Castro, Roberto		Mérc, 11.40-12.30
Fernández Sulleiro, Xesús		Martes, 9.40-10.30
Fernández Vázquez, Marcial		Martes, 12.50-13.40
Fuentes Rodríguez, Xosé	EBI	Luns, 12.50-13.40
García Fidalgo, María Jose	4º ESO B	Luns, 11.40-12.30
García Porral, Xoán Carlos		Xoves, 10.50-11.40
Insua Sanmartín, Bernardo José		Martes, 10.50-11.40
Lamela Couto, Celia		Xoves, 11.40-12.30
Ledo López, María Xosé	1º BAC B	Luns, 12.50-13.40
López Pardo, Celia	1º ESO B	Xoves, 12.50-13.40
López Peña, María Laura	ESA	Xoves, 10.50-11.40
López Rodríguez, Javier María		Xoves, 13.40-14.30



Nieto Vázquez, Jesús	3º ESO B	Luns, 10.50-11.40
Pastur García, María Paloma	4º ESO A	Martes, 9.40-10.30
Patiño Montero, María José	1º ESO A	Venres, 9.40-10.30
Pazos Presas, Ángel Luis		Venres, 10.50-11.40
Pereira Pérez, Alexandre	2º ESO B	Luns, 10.50-11.40
Rey Díaz, María del Carmen		Venres, 10.50-11.40
Rodríguez González, Norma	2º BAC	Martes, 11.40-12.30
Rodríguez Lastres, María Jesús		Xoves, 12.50-13.40
Sánchez Arines, Xurxo		Venres, 11.40-12.30
Taboada Rodríguez, José Julio	1º CM	Mérc, 11.40-12.30
Torres Vilela, Daniel		Xoves, 10.50-11.40
Varela Alonso, Tamara	1º ESO C	Venres, 9.40-10.30
Varela Mosquera, Jorge	2º ESO A	Mérc, 12.50-13.40
Vidal Ruiz de Velasco, Ana María		Luns, 11.40-12.30
Viéitez Mato, María Cruz		
Vilas Fernández, Mª Mercedes	1º FPB	Xoves, 12.50-13.40

## HORARIOS DE ATENCIÓN ADMINISTRATIVA

### Horarios de atención ao público

- De luns a venres: entre 9.00 h e 14.00 h
- Os xoves tamén atendemos entre 16.00 h e 17.30 h

### Expedición de documentos

- Solicitaranse con 24 horas de antelación sempre que sexa posible, ben por correo electrónico ou telefonicamente. O centro dispón de sinatura electrónica, o que fai posible o envío de moitos documentos por vía telemática.

### Documentación oficial de identidade

- É moi importante que a documentación acreditativa da identidade do alumnado estea actualizada (NIF, NIE, etc). Prégaselles ás familias que lle fagan chegar á Secretaría do centro unha copia dos devanditos documentos sempre que se renoven.



# Calendario escolar 2023/2024

SETEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	
lectivos						15

OUTUBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					
lectivos						20

NOVEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			
lectivos						21

DECEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31
lectivos						12

XANEIRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				
lectivos						18

FEBREIRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			
lectivos						18

MARZO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31
lectivos						16

ABRIL						
L	M	Mé	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					
lectivos						21

MAIO						
L	M	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		
lectivos						20

XUÑO						
L	M	Mé	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
lectivos						15

## Normativa de referencia

Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. [DOG do 16/05/2023]

## Conmemoracións

- Día Universal da Infancia: 20/05/2023.
- Día internacional contra a violencia de xénero: 25/11/2023.
- Semana da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia: do 28/11/2023 ao 05/12/2023.
- Día Internacional das Persoas con Discapacidade: 03/12/2023.
- Día Declaración Universal Dereitos Humanos: 10/12/2023.
- Día Internacional da Educación: 24/01/2024.
- Día escolar da non Violencia e da Paz: 30/01/2024
- Día de Rosalía de Castro: 23/02/2024.
- Día Internacional da Muller: 08/03/2024.
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor/a: 15/03/2024.
- Semana da prensa: do 4/03/2024 ao 08/03/2024.
- Día Mundial da Saúde: 07/04/2024.

**Xornada de acollida (ESO): 21/09/2023.**

**Avaliación inicial: 04/10/23 e 05/10/23.**

**1ª avaliación: 19/12/23 e 20/12/23.**

**2ª avaliación: 20/03/24 e 21/03/24.**

**Avaliación previa á FCT (2º ciclo medio): 14/03/2024.**

**3ª avaliación (1º ciclo medio): 03/06/2024.**

**Aval. final ordinaria (1º BAC e 1º FPB): 10/06/2024.**

**Avaliación final (ESO, ciclo medio): a partir do 21/06/2024.**

**Aval. final extraordinaria (1º BAC e 1º FPB): a partir do 21/06/2024.**

# ESO | Avaliación, promoción e titulación

## Normativa de referencia:

- [Lei orgánica 3/2020](#), LOMLOE.
- [Real Decreto 984/2021](#), polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na ESO, BAC e FP.
- [Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o [Decreto 156/2022](#), do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

## Promoción na ESO

Promocionarán de curso nestes casos:

**Caso 1:** con todas as materias e/ou ámbitos superadas.

**Caso 2:** con unha ou dúas materias sen superar (computan tamén as dos cursos anteriores).

**Caso 3:** deben cumprirse todas as seguintes condicións:

- a. A media das materias nas que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b. Que a suma dos períodos lectivos semanais sen superar non sexa superior a dez.
- c. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- d. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un **plan de reforzo** en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación .

## Repetición de curso

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A repetición terá carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio. Poderase repetir dúas veces como máximo en todo o ensino obrigatorio, e excepcionalmente, poderase repetir a maiores en 4º, prolongando un ano máis o límite de idade (ata os 19 anos).

## Titulación en 4º de ESO

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

# BACHARELATO

## Avaliación, promoción e titulación

### Normativa de referencia.

- [Lei orgánica 3/2020](#), LOMLOE.
- [Real Decreto 984/2021](#), polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na ESO, BAC e FP.
- [Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o [Decreto 157/2022](#), do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

### Avaliación no bacharelato

Haberá tres avaliacións parciais. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. No caso de 1º de bacharelato, a sesión de avaliación final ordinaria será a partir do 10 de xuño de 2024, mentres que a final extraordinaria se desenvolverá a partir do 21 de xuño.

### Promoción no bacharelato

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato en calquera destes dous supostos:

- Aproban todas as materias.
- Suspenden unha ou dúas materias.

### Titulación no bacharelato

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que teña unha materia pendente, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. A estes efectos, enténdese por inasistencia continuada unha acumulación de faltas inxustificadas superior ao 10% da carga lectiva da materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa requiridas para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

### Repetición de curso no bacharelato

- O alumnado que repita 1º curso deberá matricularse de novo de todas as materias.
- O alumnado que repita 2º curso poderá matricularse das materias non superadas ou do curso completo. Neste último suposto non se manteñen as cualificacións das materias aprobadas no curso anterior.



# INFORMACIÓN DE INTERESE PARA AS FAMILIAS

- 1. Información xeral.** Explicada no caderniño: horarios, listaxes de profesorado, calendario escolar. Lembrar que todos os docentes teñen una hora de atención a familias, con independencia de que sexan titores/as ou non.
- 2. Asistencia.**
  - Pídese ás familias que avisen en caso de ausencia e, moi especialmente, nos casos de ausencia prolongada ou periódica por motivos de saúde ou outras circunstancias.
  - As faltas de asistencia teñen que ser xustificadas mediante o documento do centro (dispoñible en conserxería e na web do centro) e o documento oficial correspondente. Estes documentos entréganselle ao titor/a.
  - Cando as faltas sen xustificar chegan ao 10% mensual (12 clases), considérase absentismo e iníciase un protocolo para informar á inspección.
  - O alumnado non pode abandonar o centro por si só, ten que ser recollido polos seus representantes legais, que deben asinar un documento en conserxería.
  - A comunicación das faltas de asistencia realízase a través da aplicación *Abalarmóbil*.
- 3. Abalar móbil.** As familias poden descargar esta aplicación, que de forma automática recolle datos de XADE (a aplicación informática de organización dos centros). Informa sobre faltas de asistencia, faltas de orde e notas de avaliación. As familias tamén poden comunicar avisos e faltas de asistencia. Accédese cun contrasinal que hai que cambiar con certa periodicidade.
- 4. Faltas de orde.** Ante unha falta, o alumnado acude á xefatura de estudos. Alí pode reflexionar sobre o ocorrido e a xefa de estudos ponlle unha medida correctora; a máis frecuente é a de ir á aula de convivencia, onde hai profesorado de garda que axuda e controla o traballo do alumnado. A comunicación ás familias das faltas de orde realízase tamén a través de abalar móbil. A reiteración de faltas leves pode constituír falta grave.
- 5. As faltas de puntualidade** sen xustificar son tamén obxecto de sanción. A acumulación de 5 faltas de puntualidade sen xustificar dá lugar a unha falta de orde.
- 6. Libros de texto.** Os libros que se entregaron do fondo solidario teñen que ser devoltos ao final de curso en bo estado. As familias comprométese a iso ou a repoñelos, en caso contrario.
- 7. Actividades extraescolares.** As saídas do alumnado avísanse coa suficiente antelación. As familias teñen que asinar unha autorización e pagar os gastos de autobús ou outros que houbera. Aínda que as saídas son interesantes para todos, se algún alumno/a non a vai realizar ten que vir ao instituto, xa que o profesorado continúa coa súa actividade normal.
- 8. Ausencias do profesorado.** Se hai ausencia dun profesor/a, hai profesorado de garda que atende o alumnado. O/a profesor/a ausente deixa traballo para facer na aula.
- 9. Folga de alumnado.** Recoñéceselle dereito a folga ao alumnado dos cursos a partir de 3º ESO. As familias asinan unha comunicación de que o seu fillo/a vai facer folga. Esa comunicación ten que ser entregada en xefatura de estudos o día anterior á folga e supón a xustificación da falta de asistencia. Para o alumnado que non fai folga, a actividade lectiva desenvólvese coa maior normalidade posible.
- 10. Protocolo contra o acoso escolar.** Ante os menores indicios pode ser activado por calquera membro da comunidade educativa.
- 11. Materias pendentes.** O seguimento e avaliación é realizado polo profesorado que imparte docencia no curso. Non teñen libro de texto; o profesorado proporciona os materiais necesarios.
- 12. Uso de móbiles.** O alumnado non pode utilizar dispositivos móbiles no recinto escolar nin durante os períodos de docencia nin nos cambios de clase, agás indicación expresa do profesorado. Só se permite o seu uso durante os recreos.